

O Deus de Francisco Carballo

VICTORINO PÉREZ PRIETO

A figura de Francisco Carballo é un referente no compromiso cristián e galeguista. O seu ideario fálanos dun Deus de amor ben contrario á imaxe dogmática que manexan certas xerarquías.

Hai unhas semanas un grupo grande de amigos participabamos nunha merecida homenaxe nacional a Francisco Carballo en Marín. O lema do encontro era ben xusto no seu caso: "80 anos na defensa de Galiza"; pero posibelmente queda curto, sobre todo se quen o lía o reducía ao ámbito político, e aínda cultural, e mesmo social, pois homexabamos un home no que todo o seu compromiso arrincaba sobre todo da súa fe cristiá, como el mesmo recoñeceu naquela sala da biblioteca de Marín: "O piar sobre o que se asenta toda a miña vida é a fe en Xesús de Nazaret, o Liberador".

■ UN HOME DO APARATO ECLESIASTICO CONVERTIDO Á CAUSA DA LIBERACIÓN DE GALIZA

Seguramente non foi casual que Francisco Carballo entrara desde novo nos padres Paúles, unha orde relixiosa fundada por San Vicente de Paúl no s. XVII co compromiso de atención ás misións populares, sobre todo entre os máis pobres, pois era un santo moi sensible á realidade do pobo; o mesmo Voltaire chamáballe "o meu santo". Profesor de filósofos e teólogos paúles, director do colexio de Baracaldo e reitor do Colexio Maior de Salamanca, membro do Consello Provincial... foi "un home totalmente do aparato eclesiástico", como confesa el mesmo. Pero a comezos dos 70 dáse nel unha conversión que o leva a comprometerse coa terra que o veu nacer, aínda ao prezo de truncar a súa "carreira eclesiástica", vindo para Galiza no ano 73. Vaise paulatinamente comprometendo no campo social, cultural e político "por unha razón de defensa do débil", como ten dito: "As miñas motivacións sempre foron evanxélicas, nunca busquei na política ningún interese persoal. Considerei a miña actuación política como unha participación nun ámbito democrático e para colaborar coa democracia neste país. O BNPG-BNG nunca foi esa organización monolítica ferreamente marxista-leninista que dicían del, aínda que estivese nel un partido con esas ideas; a maioría era de grupos máis pluralistas e respectuosos coa relixión. E en segundo lugar porque considerei que era necesario defender o país nunha liña de liberación" (no meu libro *Galegos e cristiáns*, Vigo 1995).

Na entrevista para o meu libro no ano 93 manifestaba claramente o duplo compromiso coa causa de Galicia e a causa de Xesús, na Igrexa, máis aló do tópico estendido de que "ser da Igrexa" e cura, é estar en todo absolutamente de acordo coa xerarquía eclesiástica: "Certo galeguismo agnóstico que se sente distante de calquera tipo de Igrexa, non acaba de ver o fenómeno de fermento que supón esta minoría da Igrexa galega que son os eclesiásticos e outros cristiáns comprometidos co gale-

guismo. Considérao minoritario e considera que a Igrexa convencional é tan solidamente allea a Galicia que esta minoría non vai poder facer nada... Están moi trabucados... Non quen darse de conta que se na Igrexa hai unhas verdades fundamentais, os dogmas, hai tamén un mundo de liberdade. No primeiro (o credo) temos que coincidir todos; no segundo non, pero estamos dentro da Igrexa igual... o monolitismo eclesiástico xa se foi superando".

Carballo recoñece tamén que os galeguistas e nacionalistas, crentes e non crentes, coñecen esa minoría da Igrexa galega e respéctana e estímala cada vez máis, e isto pode modificar o anticlericalismo xeral que existe na sociedade galega. "Pasou o momento de conflito indiscriminado e agora hai un momento de busca e en moitos casos de encontro... Algúns foron encontrando na Igrexa algo que nin sospeitaban, a oración e a celebración en galego". Aínda que siga a haber unha "Igrexa opaca" que non transparenta a misión para a que foi creada; e cumpra unha reforma en profundidade das estruturas e a mentalidade da Igrexa galega no seu conxunto, especialmente no que se refire ás súas autoridades. Unha reforma que non se pode quedar en puro reformismo, e debe ir en dúas liñas fundamentais: a inculturación da fe (galeguizarse) e a democratización (diálogo fronte a adoutramento, diálogo profundo).

■ DEUS, XESÚS E A IGREXA NO PENSAMENTO DE FRANCISCO CARBALLO

No libro de *Conversas con Francisco Carballo*, de Xan Carballa e Santiago Prol (Vigo 2002), atopamos moitas páxinas sobre a súa fe, a súa reflexión teolóxica e as súas motivacións relixiosas. Respostas intelixentes para preguntas intelixentes sobre Deus, Xesús de Nazaret, a Igrexa...

En que Deus cre Francisco Carballo?
Cre no Deus de Xesús. "No Antigo Testamento hai unha longa evolución na experiencia relixiosa dun Deus dos exércitos a un Deus de paz... Nisto irrompe Xesús de Nazaret que expresa na súa vida e na súa predicación un Deus de amor, *abbá*, un Deus que nos espera e aposta por todos, que rexeita a discriminación... Creer no Deus de Xesús é concrear un mundo de paz, de igualdade..."

¿Quen é Xesús para Francisco Carballo?
"A presenza poderosa de Deus no mundo", a ple-

nitude do humano, alguén digno de fe... Carballo ten unha fe claramente cristocéntrica: "Xesús é a suprema realización humana. É digno de fe. Con el consegue o cumio a experiencia relixiosa... É a persoa histórica que máis seduce e merece adhesión... a máis nítida, a máis fulgurante, a máis satisfactoria. Porque ten dous parámetros: Aposta pola igualdade dos seres humanos e está contra todo o que sexa maltrato a un ser humano; recupera o estilo dun Deus de amor... salvador. E en

segundo lugar porque cumpre co que di. Enfróntase co mundo relixioso... e co poder civil".

¿E a Igrexa? A súa resposta é tamén clara: "A Igrexa é unha construción que se iniciou cos apóstolos e vai evoluíndo, na que se conserva o cristianismo como continuación da experiencia de Cristo crucificado e resucitado, como experiencia de Deus... A Igrexa é o organizado, pero o cristianismo é plural e está por riba de unha ou doutra igrexa..."

A Igrexa é so un instrumento do proxecto de Xesús, unha organización para continuar a súa obra. Por iso di radicalmente "a súa estrutura autoritaria, feudal, absolutista, haina que destruír [e cambiala] por outra horizontal, democrática e dialogante", que sexa realmente unha "oferta de esperanza" para os homes e mulleres de hoxe. Por iso dicíame uns anos antes: "O interesante é o Reino de Deus, ir facendo unha sociedade máis humana; a Igrexa é o instrumento ordinario, o sacramento, para facer iso".

¿Cristián ou católico? A este vello dilema postconciliar que creou enfrontamentos entre "progresistas" e "conservadores", Carballo contesta claramente dicindo que "é pouco importante"; en todo o caso o fundamental é ser cristián. Gustoume atopar alí unha referencia a R. Panikkar, que distingue entre *cristiandade*, *cristianismo*, e *cristianía*, como expresión do *cristico*. Trátase de buscar unha *vivencia cristiá* non só superadora da *cristiandade*, senón do mesmo *cristianismo* institucional; unha fe cristiá centrada no acontecemento de Xesús Cristo, "sacramento da presenza de Deus". Por iso di Carballo nas *Conversas*: "Un cristianismo que adora a Deus tal como nolo presenta Xesús... facéndonos cooperadores da transformación do mundo, na defensa da igualdade; que fai insuperable todo o que sexa opresión do home". Para rematar rotundamente dicindo: "Identifícase co proxecto de Xesús é acertar". ♦

VICTORINO PÉREZ PRIETO é teólogo e escritor.